

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOTA DO PROMOTOR AO INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO PIAGO E A SÚA INFRAESTRUTURA ELÉCTRICA DE EVACUACIÓN
Promotor	NATURGY RENOVABLES, SLU
Localización	CONCELLOS DE CERVO, XOVE, VIVEIRO E O VALADOURO (LUGO)
Expediente	IN408A 2020/25

SOLICITANTE: O Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS:

- O Servizo de Enerxía e Minas da xefatura territorial de Lugo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 21/06/2021 e número de rexistro de entrada 2021/1186139, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.
- Con data 11/01/2022 e número de rexistro 2022/43444 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 06/07/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1429850, o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da traslado da resposta do promotor ao informe desta Dirección Xeral de data 11/01/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 37.2.i) da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta Dirección Xeral, sen detrimento das competencias propias doutros



organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos a maioría dos requirimentos feitos no informe previo, non obstante, segue sendo necesario que se aporte información de aspectos que poden ter repercusión sobre a saúde da poboación:

- Con respecto ao efecto de parpadeo de sombras. Shadow Flicker:

Na modelización efectuada, identifícanse 2 receptores (A e B), cos seguintes resultados (valores esperados segundo as hipóteses definidas):

ID: A: Caso-peor: 36:19:00 horas/ano; Caso real (estadístico): 10:28:00 horas/ano.

ID: B: Caso-peor: 14:02:00 horas/ano; Caso real (estadístico): 4:21:00 horas/ano.

Indícase, que na selección de receptores tivéronse en conta unicamente os puntos que se atopan a menos de 10 diámetros do aeroxenerador máis próximo (<1380 mts). Non obstante, o lugar de O Pesquedo (Coord. ETRS 89 Huso 30: X:625345,05; Y: 4833841,07), atópase a 1271,19 mts ao Aero L4-01, non sendo analizado o efecto de parpadeo de sombras, ademais do posible efecto sinérxico con respecto ao PE Caroliño.

Ao respecto do escenario do "caso real" o limiar a considerar para tomar medidas será de 8 h/ano, segundo os criterios de avaliación desta Dirección Xeral recollidos no documento "Alcance do estudo de Impacto Ambiental para parques eólicos":
<https://www.sergas.es/Saude-publica/Informes-sanitarios-avaliacion-ambiental>

Segundo o anteriormente indicado:

- Non se aportan datos de receptores ao respecto do efecto do parpadeo de sombras situados a unha distancia inferior a 1380 mts, considerando ademais posibles efectos sinérxicos.
- O limiar a considerar ao respecto do parpadeo de sombras é de 8 h/ano no caso real, e en caso de superar dito limiar, indicación da adopción de





medidas protectoras, correctoras ou compensatorias ao respecto de posibles edificacións afectadas.

- Non se menciona o desenvolvemento dun plan de seguimento específico do efecto provocado polo parpadeo de sombras durante o primeiro ano.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

A subdirectora xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde

Inés Mato Naveira

